

DISCURSO MEDALLA CARPENTIER

DISCURSO DE XOSÉ NEIRA VILAS NO PARANINFO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, O 23 DE XUÑO DE 2011 ONDE O CÓNSUL XERAL DE CUBA EN GALICIA LLE IMPUXO A MEDALLA ALEJO CARPENTIER, OUTORGADA POLO CONSEJO DE ESTADO DA REPÚBLICA DE CUBA.

Excelentísimo Señor Reitor Magnífico da Universidade de Santiago, Profesor Juan José Casares Long,

Excelentísimo Señor Cónsul Xeral de Cuba en Galicia, Doctor Alejandro Fuentes Hernández,

Profesora Ana Chouciño, Directora da Cátedra Alejo Carpentier.

Amigas e amigos todos:

Recordarei sempre este día de xuño de 2011 en que na histórica Universidade de Compostela o Consejo de Estado da República de Cuba me distingue coa honrosa Medalla Alejo Carpentier.

Cuba é para min un país entrañable, habitado por un pobo entrañable. Eu non direi que Cuba é a miña segunda patria. Sería inexacto, é a miña patria paralela, en todo caso. Alí vivín 31 anos. Alí traballei día a día, xeira a xeira de par daquel pobo, “sen refolgo tomar nin descanso”, como diría Curros, poñendo o meu

humilde gran de area para erguer unha nova sociedade sobre os cascallos dun pasado neocolonial, corrupto e envilecido. Traballei, sobre todo, no eido da cultura á par da miña compañeira, Anisia Miranda, cubana, filla de galegos, a quen coñecín cando ambos viviamos na Arxentina. Xuntos traballamos ó mesmo tempo tamén pola cultura galega, naquela illa, naquel país vencellado ó noso por lazos de sangue, de historia, de tradición. Unidas están ambas patrias para sempre.

Durante vintecinco anos estudei o vínculo existente entre Galicia e Cuba ó longo do tempo e da historia. Non vou repetir aquí polo miúdo todo o que nos une –sería moi extenso- pero sí algúns fitos ineludibles.

1.- En cuba naceu o Himno Galego.

2.- En Cuba ondeou por primeira vez a nosa bandeira.

3.- En Cuba creouse a Academia Galega.

4.- Moitos galegos loitaron, e algúns morreron, nas dúas guerras pola independencia cubana, e moitos cubanos incorporáronse ás Brigadas Internacionais durante a nosa guerra civil. Boa parte deles con apelidos galegos e por veces dirixidos por comandantes galegos. Non son poucos os que perderon a vida naquela loita.

Galegos houbo tamén nas loitas sociais cubanas na primeira metade do século XX, e na guerra de liberación que culminou co triunfo popular de 1959, e na defensa do territorio cubano cando foi invadido en 1961; e outros, homes e mulleres, participaron fervorosamente na construción socialista.

5.- Dende Cuba, os nosos emigrantes, sempre coa colaboración dos cubanos, financiaron e sostiveron máis de duascenas escolas en Galicia, na primeira trintena do século pasado, cando aquí o índice de analfabetismo era alarmante.

6.- En Cuba existiu unha prensa galega (revistas e semanarios) tan numerosa e de tan alta calidade como non tivo nunca unha comunidade emigrante en ningún país e en ningunha época. Chegamos a catalogar 71 publicacións periódicas.

7.- Ilustres mulleres galegas, coma Rosalía de Castro e Concepción Arenal foron recoñecidas estudadas e veneradas ó longo do tempo polos cubanos, en primeiro lugar polo poeta e Heroe Nacional de Cuba José Martí.

8.- En Cuba residiron e realizaron parte importante da súa obra, entre moitos outros, Manuel Curros enríquez, Ramón Armada Teixeiro, Waldo Álvarez Ínsua, Antón Vilar Ponte, Ramón Cabanillas, Alfonso Castelao, Arturo Souto, María Munóz, Chané, Manuel Pascual, Laxeiro, Virgilio Blanco, María Viñals, Agustín Rodríguez, Cástor Vispo, Guillermo Cid, así como os naturalistas Juan Lembeye e Ramón de la Sagra, e os cineastas Manuel Mur Oti, Juan Orol e Carlos Velo.

9.- En Cuba publicáronse libros capitais da nosa literatura como “Follas Novas”, de Rosalía de Castro, “Non máis emigración” de Ramón Armada Teixeiro, “A besta”, de Xan de Masma, ou “No desterro” e “Vento mareiro” de Ramón Cabanillas.

10.- Na fala cotiá de Cuba utilízanse moitas palabras que pertencen á lingua galega, sobre todo en sectores como o da pesca, o da industria do azucre, o portuario, o mineiro, o gastronómico, e na Ciénaga de Zapata, no centro-sur da Illa quedan abundantes voces que deixaron os carboeiros galegos.

11.- A Editorial José Martí de linguas estranxeiras ten o galego no seu catálogo para a publicación de obras, á beira dos idiomas máis representativos do mundo actual.

12.- No Instituto de Literatura e Lingüística, da Academia de Ciencias, Creouse unha Sección Galega na que existe hoxe o maior fondo bibliográfico de América,

en libros, revistas e outros documentos, sobre a nosa emigración a aquel continente.

13.- Moitos xornalistas e escritores cubanos de renome naceron en Galicia e consolidaron a súa obra naquel país. Abonda con citar entre os primeiros a Isidoro Araújo de Lira e Virginia Felicia Aubert. E o mesmo acontece con tres narradores de dimensión internacional: Lino Novás Calvo, Carlos Montenegro e Manuel Millares Vázquez.

Repito, non quero extenderme en demasía nesta enumeración. Pero si debo mencionar, ademais, os emigrantes que gañaron o seu sustento como traballadores manuais. Os obreiros e artesáns das cidades, os carboeiros, os campesiños e traballadores en xeral da industria azucreira, os mineiros do cobre e do manganeso, os que reparaban a vía do ferrocarril, os cultivadores de café das montañas orientais, os pescadores do Golfo de México, os cultivadores de flores, os que recollían esponxas no Caribe, e moitos máis.

Ten habido entre Galicia e Cuba unha simbiose cultural fonda e perenne que se mantén na música, nos bailes, nas comidas, na literatura popular, nos costumes e en moitas outras manifestacións.

En canto ós oficios e actividades antes mencionados falo en tempo pasado, pois a emigración masiva de galegos e galegas a Cuba findou hai arredor de oitenta anos. Refírome a eles como lembranza do seu aporte múltiple. A nome de todos, incluíndo os combatentes mambises que naceron en Galicia e que algúns regaron co seu sangue a patria de adopción, recibo conmovido esta honrosa Medalla.

Esta Medalla ten para min un dobre valor: o feito de que ma teña outorgado o Consejo de Estado da República de Cuba, e de que leve o nome do admirado Alejo Carpentier.

Anisia e máis eu chegamos a Cuba dende a Arxentina en 1961 (cúmprense 50 anos dentro duns poucos días). Ela incorporouse ó Consejo Nacional de Cultura, que dirixía a profesora de grego Vicentina Antuña, quen a destinou ó departamento de Publicacións, a cargo de Alejo Carpentier. Escribiu na revista *Pueblo y cultura* e colaborou no departamento de edicións de libros. E cando Carpentier pasou a dirixir a Editorial Nacional, Anisia acompañouno para coordinar todas as edicións de libros do país para nenos e adolescentes. Carpentier tiña en moito o traballo dela e ata a nomeou temporalmente para administrar a editorial e resolver algúns problemas laborais. A editora Juvenil, consolidou a vocación de Anisia pola literatura para nenos. (Nese tempo eu traballaba no Ministerio de Industrias que rexía Ernesto Che Guevara).

A nosa relación con Carpentier (e con Lilia, a súa compañeira) foi intensa. Viámonos moi seguido, visitabámonos, asistiamos ás súas conferencias e ata participamos nun curso que ditou sobre as culturas da América precolombina. Ademais temos asistido xuntos a concertos e a funcións de ballet.

Máis tarde foi nomeado Ministro Conselleiro de Cultura adscrito á embaixada de Cuba en Francia, e coordinador das actividades culturais cubanas nas legacións de Europa e do norte de África. Viámonos sempre que voltaban á Habana (ambos viviamos no barrio habaneiro do Vedado e as nosas casas respectivas estaban a uns seiscentos metros unha da outra). No entanto enviábanos sempre os seus libros dende París (libros que conservo, naturalmente) con esta dedicatoria invariable: “Para Anisia y Pepe, los priscilianistas herejes”. Esto ocurría dende que lle

dixemos que algúns investigadores de por aquí sostiñan que quen está enterrado en Compostela non é Xacobe senón Prisciliano. Tal hipótese producíalle unha grade hilaridade. Era un home dunha enorme cultura e coñecía o noso século IV.

Non é do caso mencionar o que motivou aquel comentario que un día nos fixo. Dixo que o escritor debía ser auténtico e non escribir nunca do que non coñecía cabalmente. Contou que na súa novela *Los pasos perdidos* o protagonista era orixinalmente un fotógrafo que ía revelando as cores e demais maravillosas imaxes nunha excursión polo río Orinoco, en Venezuela, e cando tiña máis de cen folios escritos volveu atrás e díxose “se ti non sabes nada de fotografía!”, volveu a empezar e o narrador entón era un músico que en vez de mostrar imaxes mostraría sonidos e viaxaba na busca dun instrumento antigo en plena selva. E el si era músico, un gran músico, compositor e pianista.

Un día pedínlle permiso para traducir ó galego a súa novela *El camino de Santiago*. Aceptou complacido e tempo despois aparecía en versión galega publicada por Edición do Castro.

Tiven sempre en moito a alta significación de Alejo Carpentier. Como novelista é un dos grandes narradores de todos os tempos en castelán; un narrador de dimensión internacional. Foi o primeiro escritor latinoamericano galardoado co Premio Cervantes. Da novela histórica, sempre moi rigorosa, é un dos máis elevados representantes. Aí temos a vida do rei Cristovo en Haití en *El reino de este mundo*, e a Cristóbal Colón en *El arpa y la sombra* por poñer dous exemplos.

En 1992, tras radicarnos en Galicia, viaxei en misión oficial da Xunta a Cuba, con Torrente Ballester e o Director Xeral de Política Lingüística. Na Universidade da

Habana deixamos inaugurada a Cátedra de cultura Galega, e o Reitor, xunto co Ministro de Educación Superior, propuxéronnos crear en Galicia a cátedra que hoxe sigue levando o nome do gran escritor, e que na actualidade dirixe a profesora Ana Chouciño.

Nás tres décadas que vivín e traballei en Cuba, entregueille a aquel país o meu modesto esforzo, o meu humilde aporte, sobre todo no eido cultural e recibín moi xenerosa e multiplicada compensación, pois Cuba abreume os brazos a través das súas institucións e do seu pobo. Cuba, por tradición, é un país modelo de xenerosidade.

Permitíume colaborar sen límites na súa prensa.

Deume a oportunidade de crear e dirixir unha Sección Galega no Instituto de Literatura e Lingüística.

Deume facilidades para ditar clases de lingua e literatura galegas na maior escola de idiomas do país.

As editoriais estatais cubanas publicaron seis libros meus traducidos ó castelán, e aprobaron a tradución de obras de autores cubanos á lingua galega.

Cuba permitíume dirixir por anos, con toda liberdade en canto a temas e colaboradores, a revista *Zunzún*, a máis importante de todas as publicacións periódicas infantís, naqueles anos, do ámbito hispánico, cunha tirada de 250.000 exemplares mensuais.

Por outra parte, outorgoume diversos premios xornalísticos e literarios, e ademais:

- A Medalla Raúl Gómez García, do Sindicato de Traballadores da Cultura.**
- A Medalla Por la Cultura Nacional, do Ministerio de Cultura**

- **A distinción Nicolás Guillén, da Unión Nacional de Escritores.**
- **Un Doctorado Honoris Causa en Letras, pola Universidade da Habana.**

E agora a Medalla Alejo Carpentier.

Coido sinceramente non merecer tanto, pero esto ratifica o que xa dixeran de Cuba: os seus dirixentes, as súas institucións e o seu pobo en xeral son esencialmente xenerosos.

Amigas e amigos:

Esta Medalla, que recibo, como dixeran, en nome de milleiros de emigrantes que arribaron a aquela fermosa illa ó longo dun século, dedícolla a Anisia Miranda, cubana exemplar, de alma e corazón, vinculada entrañablemente á cultura galega. A esa escritora e xornalista que foi a miña compañeira durante 53 anos e que nos deixou e repousa para sempre en terra galega dende hai un ano e medio.

Amigos e amigas, a todos moitas grazas

XOSÉ NEIRA VILAS